



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G010/000001

Visto que se ten ultimado a tramitación do expediente para a participación no “POS+ ADICIONAL 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Visto que segundo as bases reguladoras do citado plan, publicadas no BOP núm. 231, do 02/12/2025, e a circular relativa a súa aprobación, o prazo de presentación de solicitudes de participación rematará ás 15:00 horas do 15/01/2026 (xoves).

Visto que se ten ditaminado favorablemente, no día de hoxe, pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais a participación deste Concello no “POS+ ADICIONAL 1/2026” e que corresponde ao pleno da corporación, de conformidade coas referidas bases, a adopción do correspondente acordo en relación a este asunto.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos, fundamentalmente a data límite establecida para a presentación da solicitude de participación no plan provincial, o establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, no artigo 78 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no acordo plenario, adoptado na sesión extraordinaria celebrada 13/07/2023, é polo que, en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión extraordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 14 de xaneiro de 2026 (mércores), ás 13:15 horas**, coa seguinte orde do día:

Único. Participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde Eduardo J. Praga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).